

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte minutos do día vinte e cinco de febreiro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezoito de febreiro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 18 de febreiro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Decreto 10/2019 do 17 de xaneiro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se crea e se regula o Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia. DOG núm. 35 do 19-02-2019.
- Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os xefes ou responsables dos servizos de extinción de incendios e salvamento, xefes ou responsables dos grupos de emerxencias supramunicipais e xefes ou responsables

dos servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 36 do 20-02-2019.

- Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 36 do 20-02-2019.
- Anuncio do 8 de febreiro de 2019, do Consorcio As Mariñas, relativo ás bases que rexerán o procedemento de selección para a formación dunha bolsa de emprego de carácter temporal de persoal para o posto de preparador/a laboral do Plan coordinador de servizos sociais do Consorcio As Mariñas mediante o sistema de concurso-oposición. BOP núm. 35 do 19-02-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 230 de data do 14/02/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á *Maderas rías baixas, SL*, para a actividade de explotación de madeira, para a nave situada no polígono industrial A Marisqueira, núm. 8 – nave 3B, da parroquia de Almeiras.
- Resolución núm. 231 de data do 14/02/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á SYCA RETAIL SERVICES, SL, para a actividade de explotación de construción de edificios residenciais, nunha nave situada no polígono industrial de Alvedro, R/. F, nave F-9, da parroquia de Almeiras.
- Resolución núm. 232 de data do 14/02/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á *Los pomarrosos, SLL*, para a actividade de establecemento de bebidas, para o local situado na R/. Manuel Azaña, núm. 1 – baixo dereita, da parroquia do Burgo.
- Resolución núm. 248 de data do 15/02/2019, pola que se modifica a licenza municipal para a instalación da terraza do café-bar 'A braña', situado na R/. As Brañas, concedida á D.ª N. V. V.
- Resolución núm. 249 de data do 15/02/2019, pola que se rexistra ao animal potencialmente perigoso, de especie canina e raza Bull Terrier, co número 122, propiedade de D. J. B. C.
- Resolución núm. 250 de datado 15/02/2019, pola que se rexistra ao animal potencialmente perigoso, de especie canina e raza American Staffordshire Terrier, co número 123, propiedade de D. J. J. C. B.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“RESOLUCIÓNS emitidas dende esta concellaría :

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
15/02/19	255	Conceder o servizo municipal	J. A. S. S.	Dez horas á semana (agás festivos).

		de Axuda no fogar. Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	M. C. G. P.	Cinco horas á semana (agás festivos).
15/02/19	256	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliar e declarar concluído o procedemento.	M. L. C.	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
30/01/19	134	Concesión dunha axuda económica	I.Z.R.S.	Pago de recibos de electricidade correspondente aos meses de período 08/06/2018 al 07/08/2018 (78,49 €) e o período do 08/08/2018 al 04/10/2018 (69,90 €). Recibos de electricidade correspondentes aos meses de outubro de 2018 a outubro 2019. Recibos de auga correspondentes ao 3º e 4º trimestre de 2018 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2019.	148,39€
06/02/2019	185	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para o pago de aluguer, segundo o artigo 19 do Regulamento de acceso as prestacións económicas en situación de emerxencia ou urxente necesidade social (BOP nº 56 de 23/03/2011) se lle ten por desistido da súa solicitude, ao non achegar a documentación preceptiva.	J.A.B.P.		
11/02/2019	200	Concesión axuda económica	M.I.M.O.	Pago de aluguer correspondente aos meses e novembro (380€), decembro (380€)	

C.I.F. P-1503100-H

				de 2018 e parto de xaneiro (315€) de 2019.	
13/02/19	226	Conceder unha axuda económica.	L. O. M.	Pago de aluguer, correspondendo 350 € os meses de decembro de 2018, xaneiro e febreiro de 2019.	1.050,00 €
13/02/19	227	Extinguir a axuda por incumprimento de obrigas (non abonou o recibo de auga correspondente ao cuarto trimestre de 2017, por un importe de 84,46 €). A anulación do talón bancario por importe de 170,54 € correspondente a axuda para o pago de aluguer do mes de maio de 2018.	G. A. B. B.		
15/02/19	259	Conceder unha axuda económica.	M. L. C. M.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (350 €), febreiro (350 €), marzo (350 €) e 25,68 € o mes de abril de 2019.	1.075,68 €

C.I.F. P-1503100-H

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
11/02/19	201	Concesión tarxeta de aparcadoiro por razón de discapacidade.	M.M.V.	10 anos
15/02/19	257	Concesión tarxeta de aparcadoiro por razón de discapacidade.	C.G.B.	10 anos
15/02/19	260	Concesión tarxeta de aparcadoiro por razón de discapacidade.	J.M.C.	10 anos
15/02/19	261	Concesión tarxeta de aparcadoiro por razón de discapacidade.	J.D.P.O.	10 anos
15/02/2019	262	Concesión tarxeta de aparcadoiro por razón de discapacidade.	M.F.P.	10 anos

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA II DE EDUCACION E APOIO FAMILIAR

- Intervención comunitaria: Liña de 1.A. de Autonomía persoal e apoio á vida independente

Taller de Habilidades Sociais Básicas e Autoestima

Taller dirixido a usuarios e usuarias do Programa de Educación e Apoio Familiar, da UTES 2 de Vilaboa, algúns deles perceptores da prestación de inclusión social RISGA.

Os obxectivos deste taller son mellorar as habilidades sociais das persoas para aumentar a súa competencia social, dotándoos de estratexias e habilidades interpersonais que preveñan e melloren os fallos/déficits nas persoas participantes.

Oa/as destinatario/as son un grupo de 10 persoas que realizan o taller un mércores á semana, do 20 de febreiro ao 20 de marzo, en horario de 12:00 a 13:30 h na Sala Municipal de Actividades Pintora María Cagiao, Aula 2 en Vilaboa."

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Eu non son cómplice. Campaña contra o acoso escolar.

Programa: Educación para a convivencia. Plan municipal contra o absentismo escolar (en colaboración coa concellería de Benestar social e Igualdade).

Datas: 25 e 26 de febreiro.

Horario: de 8:30 a 14:10 h.

Colexios participantes: IES Rego de Trabe.

Curso: 1º de ESO.

Nº participantes: 92.

Lugar: Aulas.

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 25 DE FEBREIRO

Salón de actos do Conservatorio. 19.30 h:

Concerto didáctico de piano, con alumnos/as de Vicente Castro. Entrada libre.

MARTES 26 DE FEBREIRO

Hall do andar C do Conservatorio. 18:30 h: *Concerto Exprés*: Alicia García (violín), Alejandra Maneiro (piano). Entrada libre.

Salón de actos do Conservatorio. 19.30 h: Audición didáctica de trompeta, con alumnos/as de Jorge Ferreira. Entrada libre.

MÉRCORES 27 DE FEBREIRO

Salón de actos do Conservatorio. 17.00 h:

Concerto didáctico de canto e coro, a cargo de alumnos/as de Victoria Álvarez Acón. Entrada libre.

XOVES 28 DE FEBREIRO

Salón de actos do Conservatorio. 20.00 h:

Concerto didáctico de saxofón, música de cámara e conxunto, con alumnos/as de Alberto García. Entrada libre.

C.I.F. P-1503100-H

XOVES 28 DE FEBREIRO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.
Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.
Entrada libre.

VENRES 1 DE MARZO

Salón de actos do Conservatorio. 18.00 h:
Concerto didáctico 2ª avaliación. Entrada libre.

VENRES 1 DE MARZO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.00 h:
Presentación do libro *Antoloxía das confidencias de Picadillo*, de Xavier Maceiras. Entrada libre.

SÁBADO 2 MARZO

ENTROIDO DE CULLEREDO. 2019.

Centro Social, Cultura e Recreativo de Rutis. 17.00 h:
FESTA INFANTIL. Música e animación, flocos de millo, algodón de azucre, chocolate con churros. Actuación de As *Pamisuki*. Entrada libre."

2.3.- DECRETO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA SECCIÓN 3ª DA CORUÑA, PROCEDIMENTO ORDINARIO 7281/2016.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do decreto do 5 de febreiro de 2019, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sección 3ª da Coruña no recurso 7281/2016, que dispón declarar a firmeza da sentenza 312/2018 na que o fallo inadmite o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Culleredo en relación coa resolución do Xurado de Expropiación de Galicia do 28-04-2016 que decide se "dicte sentenza por la que se concrete en 49.274,61- € el justoprecio respecto de la finca número 1-C del proyecto expropiatorio "TERRENOS PARA EQUIPAMIENTO ESCOLAR E ZONA VERDE ANEXA NA AVENIDA DE RUTIS S/N, ZONA LAVANDEIRA, TM CULLEREDO" revocando el acuerdo de valoración de justiprecio concretado por el Jurado de Expropiación de Galicia, así como la condena en costas de quien se oponga a esta demanda" e non impón costas.

2.4.- SENTENZA 74/2019 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA SECCIÓN 2ª DA CORUÑA, RECURSO APELACIÓN 4486/2017.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 74/2019, do 4 de febreiro de 2019, recurso de apelación núm. 4486/2017, na que o fallo desestima o recurso de apelación interposto por M.P.A. contra a sentenza ditada no Procedemento Ordinario núm. 320/2016, do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 da Coruña na que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a resolución do alcalde do 30-09-2016 que ordenaba a suspensión inmediata da actividade de explotación equina que se desenvolvía nunha parcela situada en Cornedo, parroquia de Sésamo. As costas procesuais impóñense á parte apelante. Contra esta sentenza cabe interpoñer o recurso de casación

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
USG13I006W	USG/2019/17
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6Y6I 6Y6H 3F4M 3D5W 0TZZ	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H